No que atinxe aos demandantes de traballo parados, o peso relativo dos menores de 26 anos, no conxunto dos demandantes totais, é do 9,7%, peso que no último ano descendeu o -0,7%; o peso relativo das persoas de 26 a 35 anos é do 16,7% e diminuíu no último ano un -1,7%; o peso relativo das persoas de 36 a 45 anos é do 15,4% e medrou no último ano o 0,1%; para as persoas de 46 a 55 anos, o peso relativo é do 13,6%, manténdose estable no último ano; o peso relativo para as persoas de 56 e máis anos é do 12,2% e medrou nun 1,1% no último ano.

Para os demandantes de traballo non parados, o peso relativo dos menores de 26 anos é do 8,2%, tras descender no último ano o -0,4%; o peso relativo dos

demandantes de 26 a 35 anos é do 8,6% e mantense estable no último ano; para os demandantes de 36 a 45 anos o peso relativo é do 6,7%, tras crecer no último ano o 0,9%; o peso relativo dos demandantes de 46 a 55 anos é do 4,7% e medrou no último ano o 0,5%; por último, o peso relativo dos demandantes de 56 e máis anos é do 4,1%, cun incremento do 0,2%.

TÁBOA 7: Demandantes parados da PROVINCIA de LUGO por sexo e intervalos de idade.

	Demandantes parados		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	1.001	1.175	2.176
De 26 a 35 anos	1.143	2.597	3.740
De 36 a 45 anos	1.052	2.389	3.441
De 46 a 55 anos	1.335	1.701	3.036
De 56 ou máis anos	1.626	1.105	2.731
TOTAL	6.157	8.967	15.124

O peso relativo dos homes demandantes parados é de 40,7%, 3,8 puntos porcentuais por riba do valor galego. No caso das mulleres, o peso relativo é do 59,3%. Os intervalos de idade que presentan valores superiores aos galegos son: menores de 26 anos e maiores de 55 anos, ambos 1 punto porcentual por riba do valor galego; así como o intervalo de 36 a 45 anos, 0,3 puntos porcentuais por riba do galego. Os intervalos con peso menor que a referencia para o conxunto da comunidade son: de 26 a 35 anos, un -1,7% inferior, e de 46 a 55 anos, un -0,5% menor.

TÁBOA 8: Demandantes non parados da PROVINCIA de LUGO por sexo e intervalos de idade.

	Demandantes non parados		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	875	964	1.839
De 26 a 35 anos	708	1.222	1.930
De 36 a 45 anos	517	980	1.497
De 46 a 55 anos	454	586	1.040
De 56 ou máis anos	559	358	917
TOTAL	3.113	4.110	7.223

As demandas de ocupados nun 43,1% son realizadas por homes, valor a -0,9 puntos do galego, e nun 56,9% realizadas por mulleres. Nunha comparativa coa distribución galega das demandas entre os diferentes intervalos de idade, obtemos que os intervalos máis baixos presentan valores superiores, mentres que os máis altos teñen un peso relativo inferior ao galego. As distancias son: menores de 26 anos, 3,6 puntos; entre 36 e 45 anos, 2,1 puntos; entre 26 e 35 anos, 1 punto por riba do galego; os maiores de 55 anos, -4,7 puntos; e entre 46 e 55 anos, -1,9 puntos.

TÁBOA 9: Demandantes parados da PROVINCIA de LUGO por sexo e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Homes	2.853	964	2.340	6.157
Mulleres	3.756	1.564	3.647	8.967
TOTAL	6.609	2.528	5.987	15.124

O 43,7% dos demandantes parados da provincia levan menos de seis meses en situación de desemprego. Este peso relativo é superior ao galego en 2,7 puntos porcentuais. O 39,6% levan en desemprego máis dun ano, valor a unha distancia de -2,4 puntos do galego. O 16,7% restante leva entre seis meses e un ano en situación de desemprego, sendo este valor inferior ao galego, cunha distancia de -0,3 puntos porcentuais.

A porcentaxe de mulleres é superior nas tres categorías segundo o tempo de busca de emprego. Representan un 56,8% dos parados de menos de seis meses de duración; un 61,9% dos de seis meses a un ano; e un 60,9% dos parados de máis dun ano de duración.

TÁBOA 10: Demandantes parados da PROVINCIA de LUGO por intervalos de idade e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menos de 26 anos	1.616	352	208	2.176
De 26 a 35 anos	2.000	718	1.022	3.740
De 36 a 45 anos	1.587	678	1.176	3.441
De 46 a 55 anos	974	452	1.610	3.036
De 56 ou máis anos	432	328	1.971	2.731
TOTAL	6.609	2.528	5.987	15.124

Destacan os pesos relativos dos menores de 26 anos que levan menos de seis meses en desemprego, cun 74,3%; así como os maiores de 55 anos que levan máis dun ano nesta situación e que suman o 72,2% dos deste intervalo de idade.

5.3.2.- Demandas por formación académica

TÁBOA 11: Demandantes de traballo da PROVINCIA de LUGO por situación laboral e formación académica.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados ata certificado escolar	6.289	6.167
Parados titulación de ensino obrigatorio	4.495	4.013
Parados BUP/bacharelato superior/COU	1.442	1.272
Parados formación profesional	2.169	2.069
Parados titulación universitaria e outras titulacións	1.709	1.603
Non parados ata certificado escolar	2.190	2.446
Non parados titulación de ensino obrigatorio	1.821	1.802
Non parados BUP/bacharelato superior/COU	983	826
Non parados formación profesional	1.176	1.196
Non parados titulación universitaria e outras titulacións	1.082	953
Ata certificado escolar	8.479	8.613
Titulación de ensino obrigatorio	6.316	5.815
BUP/bacharelato superior/COU	2.425	2.098
Formación profesional	3.345	3.265
Titulación universitaria e outras titulacións	2.791	2.556
TOTAL	23.356	22.347

As demandas decrecen en todos os niveis académicos, salvo no de ata o certificado escolar, que aumenta un 1,6%. Destaca a caída na titulación de BUP/bacharelato/COU, cun -13,5%; á que lle segue en importancia a titulación universitaria, cun -8,4%; a titulación de ensino obrigatorio, cun -7,9%; e a de formación profesional, cun -2,4%.

O peso relativo das diferentes titulacións nas demandas ofrécenos unha maior significación das titulacións inferiores: o 38,5% dos demandantes teñen ata o certificado de escolaridade; o 26% teñen titulación de ensino obrigatorio. Pola súa parte, o 14,6% teñen formación profesional; o 11,4% titulación universitaria; e o 9,4% BUP/bacharelato/COU.

A evolución do peso relativo no último ano é de signo positivo para a titulación de ata certificado de escolaridade, cun 2,2%, e a de formación profesional, cun 0,3%. De signo negativo nas demais: -1% na titulación de ensino obrigatorio e na de BUP/bacharelato/COU, e -0,5% na titulación universitaria.

5.3.3.- Demandas por grandes sectores de actividade

TÁBOA 12: Demandantes de traballo da PROVINCIA de LUGO por situación laboral e grandes sectores de actividade.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados sector primario	432	526
Parados sector secundario	1.818	1.625
Parados sector construción	1.933	1.728
Parados sector servizos	9.433	8.774
Parados sen emprego anterior	2.488	2.471
Non parados sector primario	282	384
Non parados sector secundario	674	676
Non parados sector construción	586	598
Non parados sector servizos	4.128	3.978
Non parados sen emprego anterior	1.582	1.587
Sector primario	714	910
Sector secundario	2.492	2.301
Sector construción	2.519	2.326
Sector servizos	13.561	12.752
Sen emprego anterior	4.070	4.058
TOTAL	23.356	22.347

Destaca o aumento experimentado no último ano polas demandas no sector primario, que medran un 27,5%. Todas os demais sectores decrecen, con valores de -7,7% para o secundario e a construción; -6% para o sector servizos, e -0,3% nos demandantes sen emprego anterior.

O peso relativo no último ano das demandas no sector servizos é do 57,1%; seguíndolle os demandantes sen emprego anterior, cun 18,2%; o sector da construción, cun 10,4%; o secundario, cun 10,3%, e o primario, onde se albergan o 4,1% das demandas.

Aumentan o seu peso relativo no último ano o sector primario, un 1%, e os demandantes sen emprego anterior, un 0,7%. As restantes variacións no peso relativo son de signo negativo: -1% no sector servizos e -0,4% para os sectores secundario e da construción.

5.4.- Contratos

No último ano os contratos na provincia incrementáronse un 8,4%, mentres que a tendencia do quinquenio reflicte un crecemento máis moderado, do 3,5%.

Os contratos asinados representan o 10,2% do total dos efectuados en Galicia. Neste último ano creceu o seu peso dentro da Comunidade Autónoma no 0,2%, sendo a tendencia do quinquenio negativa, do -0,1%.

5.4.1.- Contratación por sexo e idade

TÁBOA 13: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por sexo.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Homes	37.154	36.104	37.277	38.026	40.757
Mulleres	35.999	36.647	38.838	38.786	42.482
TOTAL	73.153	72.751	76.115	76.812	83.239

Os contratos a homes medran o 7,2% no último ano, experimentando un crecemento menos intenso no quinquenio, do 2,6%. Os asinados por mulleres crecen con maior intensidade: o 9,5% no último ano e o 4,4% no quinquenio.

No último ano do quinquenio, a contratación masculina da provincia representa o 49% e a feminina é do 51%. Para os homes a variación no último ano e a tendencia do quinquenio son negativas, con descensos respectivos do -0,5%, mentres que para as mulleres son positivas, con ascensos respectivos do 0,5%.

TÁBOA 14: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por
intervalos de idade.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Menos de 26 anos	23.638	22.402	22.658	23.172	25.017
De 26 a 35 anos	25.918	26.262	28.249	28.205	29.911
De 36 a 45 anos	15.313	15.355	15.521	15.126	16.620
De 46 a 55 anos	6.292	6.784	7.779	8.077	9.143
De 56 ou máis anos	1.992	1.948	1.908	2.232	2.548
TOTAL	73.153	72.751	76.115	76.812	83.239

A contratación a persoas menores de 26 anos incrementouse un 8% no último ano e un 1,6% no quinquenio. No caso das persoas de 26 a 35 anos o aumento no último ano foi do 6% e no quinquenio do 4%. Para as persoas de 36 a 45 anos os contratos creceron un 9,9% no último ano e un 1,6% no quinquenio. Para as persoas de 46 a 55 anos incrementáronse un 13,2% no último ano e un 12,7% no quinquenio, tratándose do maior aumento relativo. Por último, para as persoas de 56 ou máis anos, produciuse o crecemento relativo máis importante do último ano, do 14,2%; no quinquenio o crecemento é de menor intensidade: 8,2%.

No último ano, o peso relativo dos contratos asinados polas persoas menores de 26 anos é do 30,1%; a súa variación descende o -0,1% e a tendencia do quinquenio o -0,6%. Para as persoas de 26 a 35 anos o peso relativo é do 35,9%; a variación anual é de -0,8% e a tendencia do quinquenio é lixeiramente positiva: 0,1%. No caso das persoas de 36 a 45 anos o peso relativo dos seus contratos é do 20%; a variación anual é do 0,3% e a tendencia do quinquenio é de -0,2%. Para as persoas de 46 a 55 anos o peso relativo dos contratos é do 11%; a variación anual é do 0,5% e a tendencia do quinquenio é do 0,6%. Por último, no caso das persoas de 56

ou máis anos o peso relativo é do 3,1%; a variación anual é do 0,2% e a tendencia do quinquenio é do 0,1%.

TÁBOA 15: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por sexo e
intervalos de idade.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	12.602	12.415	25.017
De 26 a 35 anos	13.090	16.821	29.911
De 36 a 45 anos	7.892	8.728	16.620
De 46 a 55 anos	5.263	3.880	9.143
De 56 ou máis anos	1.910	638	2.548
TOTAL	40.757	42.482	83.239

O peso relativo dos contratos realizados a homes nesta provincia atópase a unha distancia de -4,6 puntos da porcentaxe galega, do 53,6%. O peso relativo da contratación feminina provincial supera en 4,6 puntos o valor medio de Galicia, do 46,4%.

Por grupos de idade, os pesos relativos dos contratos asinados por persoas menores de 26 anos e de 26 a 35 anos non acadan os valores medios para as categorías en Galicia, con -1,7 e -1,2 puntos porcentuais respectivamente; pola contra, o peso relativo dos contratos asinados por persoas de 36 a 45 anos sitúase en 1,1 puntos porcentuais por enriba da porcentaxe galega para o grupo de idade; o peso relativo dos contratos ás persoas de 46 a 55 anos é superior en 1,5 puntos porcentuais á media galega e, por último, o peso relativo da contratación ás persoas de 56 ou máis anos está 0,3 puntos porcentuais por nriba da porcentaxe autonómica para este colectivo.

5.4.2.- Contratación por sectores de actividade

TÁBOA 16: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por
sectores de actividade.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	2.921	2.649	2.940	3.026	3.659
Electricidade	33	18	17	15	22
Industria	6.088	5.568	5.354	5.638	5.816
Construción	7.681	7.461	8.244	8.171	9.265
Comercio e hostalaría	13.379	13.636	15.369	15.678	17.458
Transporte e comunicacións	3.023	3.776	4.294	4.810	5.120
Outros servizos	40.028	39.643	39.897	39.474	41.899
SECTOR PRIMARIO	2.921	2.649	2.940	3.026	3.659
SECTOR SECUNDARIO	6.121	5.586	5.371	5.653	5.838
SECTOR CONSTRUCIÓN	7.681	7.461	8.244	8.171	9.265
SECTOR SERVIZOS	56.430	57.055	59.560	59.962	64.477

Todos os sectores experimentaron no último ano unha variación positiva na contratación. En especial, os sectores de electricidade e agricultura e pesca rexistraron unha variación anual de 46,7 e 20,9% respectivamente. O sector da construción creceu nun 13,4%; o de comercio e hostalaría un 11,4%; os de transporte e comunicacións e outros servizos un 6,4% e un 6,1% respectivamente; e o sector da industria un 3,2%.

As tendencias quinquenais amosan distancias relevantes respecto da variación no último ano. A máis salientable é a do sector da electricidade, un -8,8%. Transporte e comunicacións ofrece unha tendencia positiva de 19,8%; comercio e hostalaría un 8,5%; agricultura e pesca un 7,5%; construción un 5,5% e outros servizos un 0,9%. Industria experimenta unha tendencia negativa do -0,8%.

O sector doutros servizos concentra máis da metade dos contratos do último ano, un 50,3%. Séguelle en importancia o comercio e hostalaría, cun 21%. Construción representa un 11,1% ; industria un 7%; transporte e comunicacións un 6,2%, e agricultura e pesca un 4,4% dos contratos do último ano.

O sector de comercio e hostalaría é o que presenta unha maior variación no último ano, un 0,6%, que ten correspondencia cunha tendencia do quinquenio dun 0,7%. A contratación no sector da construción medra no último ano un 0,5%, cunha tendencia no quinquenio do 0,2%. Tamén aumenta un 0,5% no último ano o peso da contratación na agricultura e pesca, correspondéndolle unha tendencia do 0,1% no quinquenio. Transporte e comunicacións perde peso no último ano, -1,1%, aínda que a tendencia quinquenal é positiva, un 0,5%. Industria e outros servizos experimentan perda de peso na contratación: o primeiro ten unha variación anual de -0,4 e unha tendencia no quinquenio de -0,3; o segundo rexistra un valor de -1,1 nas dúas variables.

**TÁBOA 17: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por
sectores de actividade e sexo.**

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Agricultura e pesca	3.347	312	3.659
Electricidade	16	6	22
Industria	4.410	1.406	5.816
Construción	8.790	475	9.265
Comercio e hostalaría	6.335	11.123	17.458
Transporte e comunicacións	3.471	1.649	5.120
Outros servizos	14.388	27.511	41.899
SECTOR PRIMARIO	3.347	312	3.659
SECTOR SECUNDARIO	4.426	1.412	5.838
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.790	475	9.265
SECTOR SERVIZOS	24.194	40.283	64.477

A distribución da contratación a homes por sectores económicos ofrece unha menor concentración que a dos contratos a mulleres. O 35,3% dos contratos a homes realízanse noutros servizos e o 21,6% na construción. Entre ambos non acadan o 50% da contratación. Un 15,5% de contratos inscríbense no sector do comercio e hostalaría; un 10,8% na industria; un 8,5% en transporte e comunicacións e un 8,2% en agricultura e pesca.

Para o caso das mulleres, dous sectores acumulan o 90% da contratación: outros servizos, cun 50,3%; e comercio e hostalaría, cun 26,2%. Moito menor peso teñen na contratación de mulleres os sectores de transporte e comunicacións, cun 3,9%; industria, cun 3,3%; construción cun 1,1% ou agricultura e pesca, cun 0,7%. O peso do sector da electricidade é 0%.

**TÁBOA 18: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por
sectores de actividade e
intervalos de idade.**

	Contratos					
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	TOTAL
Agricultura e pesca	569	1.113	1.082	789	106	3.659
Electricidade	X	6	12	X	0	22
Industria	X	1.990	1.039	X	175	5.816
Construción	2.802	2.726	2.035	1.280	422	9.265
Comercio e hostalaría	7.058	6.032	2.764	1.272	332	17.458
Transporte e comunicacións	807	1.669	1.630	789	225	5.120
Outros servizos	11.694	16.375	8.058	4.484	1.288	41.899
SECTOR PRIMARIO	569	1.113	1.082	789	106	3.659
SECTOR SECUNDARIO	2.087	1.996	1.051	529	175	5.838
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.802	2.726	2.035	1.280	422	9.265
SECTOR SERVIZOS	19.559	24.076	12.452	6.545	1.845	64.477

Para todos os grupos de idade o sector doutros servizos concentra un peso próximo ao 50% dos contratos. O caso dos menores de 26 anos é o de menor peso relativo deste sector na contratación: un 46,7%. O segundo sector, o de comercio e hostalaría, representa o 28,2% dos contratos, valor moi superior ao rexistrado nos outros grupos de idade. Séguenlle en importancia o sector da construción, cun 11,2% e a industria, cun 8,3%; sendo menos significativos o sector de transporte e comunicacións, cun 3,2% e o de agricultura e pesca cun 2,3% dos contratos a menores de 26 anos.

O colectivo de 26 a 35 anos é o que maior volume de contratación concentra no sector outros servizos: un 54,7%. Comercio e hostalaría representa o 20,2%, seguido a distancia dos sectores de construción, industria e transporte e comunicacións, con valores de 9,1%, 6,7% e 5,6%, respectivamente. O sector de agricultura e pesca xera o 3,7% dos contratos ao colectivo de 26 a 35 anos.

O colectivo de 36 a 45 anos presenta unha maior diversificación dos contratos entre os diferentes sectores. Segue a ser predominante outros servizos, co 28,5% dos contratos, así como comercio e hostalaría, co 16,6%. Cobran valores maiores que os rexistrados nos grupos de idade inferiores os sectores de transporte e comunicacións, cun 9,8%, e agricultura e pesca, cun 6,5%. A industria ofrece o 6,3% dos contratos a persoas entre 36 e 45 anos.

A mesma tendencia reequilibradora entre os sectores ofrécea o seguinte colectivo en idade. O sector outros servizos contrata o 49,% do colectivo de 46 a 55 anos. O peso do comercio e hostalaría é inferior ao dos colectivos de menor idade, 13,9%, mentres que aumenta o peso da construción, 14%, e da agricultura e pesca, 8,6%. Transporte e comunicacións representa o 8,6% e industria o 5,8% dos contratos a persoas entre 46 e 55 anos.

Os maiores de 55 anos presentan unha proporción semellante ao colectivo anterior no que respecta á contratación por sectores. Outros servizos representa o 50,5%. Séguelle en peso a construción, cun 16,6%. Comercio e hostalaría representan un 13%; transporte e comunicacións un 8,8%; industria un 6,9%; e agricultura e pesca un 4,2% dos contratos ao colectivo de 56 anos ou máis.

5.4.3.- Contratación por tipos de contrato

TÁBOA 19: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por tipos
de contrato.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Indefinido tempo completo	5.719	5.353	5.934	6.361	8.072
Indefinido tempo parcial	774	1.012	1.029	1.057	1.298
Temporal	26.266	34.777	37.138	38.601	41.335
Temporal tempo parcial	18.168	9.657	9.903	10.958	13.316
Prácticas/ Formación	2.298	2.933	2.691	2.694	2.539
Outros	19.928	19.019	19.420	17.141	16.679
TOTAL	73.153	72.751	76.115	76.812	83.239

A modalidade de contratación indefinida a tempo completo experimenta, no último ano, a maior subida relativa das acontecidas para todos os tipos de contratos: un 26,9%; o crecemento no quinquenio é máis moderado: do 12,5%. Os contratos indefinidos a tempo parcial incrementáanse no último ano o 22,8% e o crecemento quinquenal é o de máis intensidade: do 15,5%. Os contratos temporais a tempo completo no último ano medran o 7,1%; a tendencia quinquenal é de aumento máis intenso, do 13,4%. Para os contratos temporais a tempo parcial o crecemento anual é do 21,5%, pero a tendencia do quinquenio é descendente, do -5,6%. Os contratos en prácticas/formación descenden no último ano o -5,8% e a tendencia no quinquenio é de crecemento moi discreto, do 0,9%. Os outros tipos de contratos descenden no último ano un -2,7% e no quinquenio con maior intensidade, un -4%.

O peso relativo dos contratos indefinidos a tempo completo é do 9,7%; no último ano incrementáronse no 1,4% e o crecemento do quinquenio foi moi discreto, do 0,5%. Os contratos indefinidos a tempo parcial representan o 1,6%; no último ano aumentaron un 0,2% e no quinquenio o 0,1%. A contratación temporal a tempo completo é a que representa un maior peso relativo, do 49,7%; no último ano esta modalidade descendeu nun -0,6%, pero a tendencia do quinquenio foi de crecemento: 3,4%. Os contratos temporais a tempo parcial incrementáronse un 1,7% no último ano, descendendo durante o quinquenio o -2,2%. Os contratos en prácticas/formación minguaron no último ano o -0,5% e a tendencia do quinquenio é de mantemento. A modalidade doutros contratos descendeu o -2,3% no último ano, sendo o descenso quinquenal máis moderado, do -1,8%.

TÁBOA 20: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por tipos
de contrato e sexo.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Indefinido tempo completo	5.675	2.397	8.072
Indefinido tempo parcial	394	904	1.298
Temporal	25.060	16.275	41.335
Temporal tempo parcial	4.362	8.954	13.316
Prácticas / Formación	1.454	1.085	2.539
Outros	3.812	12.867	16.679
TOTAL	40.757	42.482	83.239

Analizando os tipos de contrato segundo o sexo, obsérvase que na modalidade dos contratos indefinidos predomina a contratación masculina sobre a feminina, cunha porcentaxe do 70,3%, superior en 21 puntos porcentuais á media total masculina, do 49%. No caso dos contratos indefinidos a tempo parcial, a presenza feminina é maior: do 69,6%, superando a súa media total, do 51%, en 18,6 puntos porcentuais. Para os contratos temporais a tempo completo, os homes representan o 60,6%, o que supón 11,6 puntos porcentuais por enriba da media total. Nos contratos temporais a tempo parcial, as mulleres representan o 67,2%,

valor que supera en 16,2 puntos porcentuais a súa media total. Para os contratos en prácticas/formación, os realizados aos homes ascenden ao 57,3%, supoñendo 8,3 puntos porcentuais por riba da media total masculina. Para outros tipos de contratos, os asinados por mulleres son o 77,1%, o que representa 26,1 puntos porcentuais por riba da súa media total. O colectivo feminino predomina nas modalidades de contratación a tempo parcial, así como na categoría relativa a outras modalidades.

**TÁBOA 21: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por tipos
de contrato e intervalos de
idade.**

	Contratos					TOTAL
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	
Indefinido tempo completo	1.606	2.954	1.931	1.297	284	8.072
Indefinido tempo parcial	343	448	286	158	63	1.298
Temporal	12.592	14.654	8.479	4.440	1.170	41.335
Temporal tempo parcial	5.024	4.620	2.268	1.073	331	13.316
Prácticas / Formación	1.826	386	168	124	35	2.539
Outros	3.626	6.849	3.488	2.051	665	16.679
TOTAL	25.017	29.911	16.620	9.143	2.548	83.239

Analizando agora os tipos de contrato para os distintos grupos de idade, vese que na modalidade indefinida a tempo completo predominan as persoas de 26 a 35 anos co 36,6%, o que supón menos dun punto porcentual por riba da media total para este grupo de idade, de 35,9%. Séguenlle as persoas de 36 a 45 anos, co 23,9%, e as persoas menores de 26 anos, co 19,9%.

No caso dos contratos indefinidos a tempo parcial, predominan as persoas de 26 a 35 anos, co 34,5% dos contratos, superando en 1,4 puntos porcentuais a media total. Aparecen despois as persoas menores de 26 anos, co 26,4%, e as persoas de 36 a 45 anos, co 22%.

Nos contratos temporais a tempo completo, as persoas de 26 a 35 anos representan o 35,5%, valor moi próximo á media total do grupo de idade. Séguenlle as persoas menores de 26 anos, co 30,5%, e as persoas de 36 a 45 anos, co 20,5%.

Na contratación temporal a tempo parcial predominan as persoas menores de 26 anos, co 37,7% deste tipo de contratos, 7,6 puntos porcentuais por riba da media total do grupo de idade, que é de 30,1%. A continuación están as persoas de 26 a 35 anos, co 34,7%, e as persoas de 36 a 45 anos, co 17%.

Para os contratos en prácticas/formación, prodúcese un predominio importante das persoas menores de 26 anos, co 71,9% da contratación, superando en 41,8 puntos porcentuais a media total; a moita distancia atópanse as persoas de 26 a 35 anos, co 15,2%, e as persoas de 36 a 45 anos, co 6,6%.

As outras modalidades de contratación son máis frecuentes entre as persoas de 26 a 35 anos, co 41,1%, 5,2 puntos porcentuais por enriba da media total. Séguenlle as persoas menores de 26 anos, co 21,7%, e as de 36 a 45 anos, co 20,9%.

**TÁBOA 22: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por tipos
de contrato e sectores de
actividade.**

	Contratos							
	Agricultura e pesca	Electricidade	Industria	Construción	Comercio e hostalaría	Transporte e comunicacións	Outros servizos	TOTAL
Indefinido tempo completo	1.919	6	1.094	851	2.218	649	1.335	8.072
Indefinido tempo parcial	13	0	77	37	606	119	446	1.298
Temporal	1.613	12	3.855	7.597	9.386	3.621	15.251	41.335
Temporal tempo parcial	79	X	458	252	4.475	700	7.349	X
Prácticas/Formación	34	X	329	527	706	31	911	X
Outros	X	0	X	X	67	0	16.607	16.679
TOTAL	X	22	X	X	17.458	5.120	41.899	83.239

En canto aos tipos de contrato e aos sectores de actividade, os contratos indefinidos a tempo completo son mais frecuentes no comercio e hostalaría, co 27,5% do total; séguelles a agricultura e pesca, co 23,8%, e os outros servizos co 16,5%. Os contratos indefinidos a tempo parcial son máis frecuentes no comercio e hostalaría, co 46,7%; a continuación aparecen os outros servizos, co 34,4%, e o transporte e comunicacións, co 9,2%. A contratación temporal a tempo completo incide maiormente nos outros servizos co 36,9%; séguelles o comercio e hostalaría co 22,7%, e a construción, co 18,4%. Os contratos temporais a tempo parcial concéntranse de xeito especial nos outros servizos, co 55,2%; e despois no comercio e hostalaría, co 33,6%, e, a moita distancia, o transporte e comunicacións, co 5,3%. Os contratos en prácticas/formación destacan nos outros servizos, co 35,9%; séguelles o comercio e hostalaría, co 27,8%, e a construción, co 20,8%. As outras formas de contratación concéntranse, case totalmente, nos outros servizos, co 99,6%.

5.4.4.- Contratación por ocupacións

**TÁBOA 23: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por grupo
de ocupación.**

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Dirección de empresas e de administracións públicas	157	187	206	231	261
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	15.051	14.688	15.099	13.027	11.629
Técnicos e profesionais de apoio	5.330	4.582	4.273	4.482	5.215
Empregados de tipo administrativo	6.026	5.941	6.463	6.758	7.122
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	15.248	16.014	17.555	18.850	21.737
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	1.372	1.376	1.589	1.787	2.251
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	9.313	8.779	8.916	9.261	10.233
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	4.778	4.785	5.347	5.725	6.762
Traballadores non cualificados	15.878	16.399	16.667	16.691	18.029
TOTAL	73.153	72.751	76.115	76.812	83.239

Durante o último ano, todos os grupos ocupacionais, salvo o de técnicos e profesionais científicos e intelectuais (cunha variación de -10,7%), experimentaron unha evolución positiva da contratación. Destaca a variación anual do grupo de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, que ascende ao 26%. Na mesma liña, a contratación de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores presenta unha variación anual de 18,1%; a de técnicos e profesionais de apoio, un 16,4%; e a de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, un 15,3%. Son tamén salientables as variacións dos grupos de dirección de empresas e de administracións públicas, un 13%; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, un 10,5%; traballadores non cualificados, un 8%; e, en menor medida, empregados de tipo administrativo, cun 5,4%.

O grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais presenta unha tendencia quinquenal de caída algo menor que a do último ano, -5,2%. Con tendencia quinquenal negativa está tamén o grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, un -0,7%, a pesar de que a variación no último ano é, como vimos, moi positiva. Os grupos ocupacionais nos que a variación anual é superior á tendencia quinquenal son: artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cunha tendencia do quinquenio de 2,7%, case oito puntos inferior á variación anual; operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, cunha tendencia quinquenal de 12,2%, case seis puntos por debaixo da variación anual; traballadores non cualificados, con 3%, cinco puntos por debaixo da variación anual; traballadores cualificados na agricultura e na pesca, con 21,2%, case cinco puntos por debaixo da variación anual; e traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, con 12%, 3,3 puntos por debaixo da variación experimentada no último ano. Os contratos no grupo ocupacional de dirección de empresas e de administracións públicas experimentan unha tendencia do quinquenio de 19%, 6 puntos maior que a variación anual. A contratación no grupo de empregados de tipo administrativo medra na mesma porcentaxe no quinquenio que no último ano: 5,4%.

No último ano, o peso relativo das contratacións nos grupos de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio e

traballadores non cualificados, superan o 20%. No primeiro grupo concéntranse o 26,1% dos contratos e no segundo o 21,7%. Os seguintes grupos por peso relativo na contratación son: técnicos e profesionais científicos e intelectuais, co 14% dos contratos; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, co 12,3%; empregados de tipo administrativo, co 8,6%; operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, co 8,1%; e técnicos e profesionais de apoio, co 6,3% da contratación. Os grupos profesionais de traballadores cualificados na agricultura e na pesca e de dirección de empresas e de administracións públicas teñen un peso relativo menos salientable, dun 2,7% e un 0,3% respectivamente.

O peso relativo de cada un destes grupos ocupacionais no volume global de contratación experimentou variacións ao longo do último ano. Así o grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais ten unha variación anual de -3%. Tamén con valores negativos, o grupo de empregados de tipo administrativo e o de traballadores non cualificados presentan variacións anuais de -0,2 e -0,1% respectivamente. O grupo de dirección de empresas e de administracións públicas non experimenta variación ningunha do seu peso relativo no último ano (como tampouco durante o quinquenio). Os restantes grupos experimentan discretas variacións anuais de signo positivo: 0,7% os operadores e instalacións e maquinaria, e montadores; 0,4% os traballadores cualificados na agricultura e na pesca e os técnicos e profesionais de apoio; e 0,2% o grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría.

Os valores de variación anual do peso relativo da contratación en cada grupo ocupacional non distan moito das súas respectivas tendencias quinquenais. O grupo que máis decrecía no último ano, presenta unha caída máis moderada no quinquenio: técnicos e profesionais científicos e intelectuais con tendencia quinquenal de -1,7%. Os grupos que presentaban unha caída anual máis leve amosan estabilidade ou leve ascenso no quinquenio: traballadores non cualificados e empregados de tipo administrativo, con tendencias quinquenais de 0% e 0,1% respectivamente. De entre os grupos con variación anual positiva, dous presentan tendencias quinquenais de signo negativo: é o caso dos técnicos e profesionais de apoio, cunha tendencia quinquenal de -0,3%, e dos artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, con -0,1%. Os grupos de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, o de traballadores cualificados na agricultura e na pesca e o de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio presentan unha tendencia quinquenal inferior á variación anual: o primeiro grupo ten unha tendencia quinquenal de -0,4%, tres décimas inferior á súa variación anual; o segundo unha tendencia de 0,2%, dúas décimas inferior á variación anual; o terceiro presenta unha tendencia quinquenal de 1,3%, fronte a unha variación anual de 1,6% do seu peso relativo na contratación.

TÁBOA 24: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por grupos
de ocupación e sexo.

	Homes	Contratos Mulleres	TOTAL
Dirección de empresas e de administracións públicas	155	106	261
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	4.192	7.437	11.629
Técnicos e profesionais de apoio	2.469	2.746	5.215
Empregados de tipo administrativo	1.534	5.588	7.122
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	4.670	17.067	21.737
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	2.070	181	2.251
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	9.130	1.103	10.233
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	6.194	568	6.762
Traballadores non cualificados	10.343	7.686	18.029
TOTAL	40.757	42.482	83.239

Do volume global de contratos nesta provincia, o 49% son realizados a homes e o 51% a mulleres. Este equilibrio entre xéneros vese alterado na análise da distribución en cada un dos grupos ocupacionais. En concreto, hai tres grupos de ocupacións onde o nesgo é extremo: trátase dos traballadores cualificados na agricultura e na pesca, dos operadores de instalacións e maquinaria, e montadores e dos artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, grupos nos que a porcentaxe de contratos realizados a homes é do 92%, do 91,6% e do 89,2% respectivamente. Outros dous grupos ofrecen tamén un peso relativo maior dos homes como obxecto dos contratos, aínda que con valores máis próximos ao de referencia: dirección de empresas e de administracións públicas, co 59,4% e traballadores non cualificados, co 57,4%.

Os grupos ocupacionais onde o peso da contratación a mulleres é moi superior á de homes son: empregados de tipo administrativo e dirección de empresas e de administracións públicas, cun valor porcentual de 78,5% en ambos os casos. Con nesgo cara á contratación feminina, aínda que menor, están os dous grupos ocupacionais restantes: técnicos e profesionais científicos e intelectuais, no que o 64% dos contratos se realizan a mulleres; e técnicos e profesionais de apoio, no que esta porcentaxe acada o 52,7%.

TÁBOA 25: Contratos da
PROVINCIA de LUGO por grupos
de ocupación e intervalos de
idade.

	Contratos					TOTAL
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	
Dirección de empresas e de administracións públicas	23	102	66	52	18	261
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	3.512	4.701	1.611	1.242	563	11.629
Técnicos e profesionais de apoio	1.581	2.328	723	442	141	5.215
Empregados de tipo administrativo	1.676	3.281	1.508	515	142	7.122
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	7.515	7.986	4.045	1.816	375	21.737
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	301	747	682	458	63	2.251
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	3.346	2.812	2.226	1.372	477	10.233
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	1.551	2.234	1.724	971	282	6.762
Traballadores non cualificados	5.512	5.720	4.035	2.275	487	18.029
TOTAL	25.017	29.911	16.620	9.143	2.548	83.239

O 30,1% do total de contratos realízanse a menores de 26 anos. Na maior parte dos grupos ocupacionais o volume de contratación a este colectivo sitúase en torno a esta porcentaxe. Acontece especialmente nos grupos de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, técnicos e profesionais de apoio e traballadores non cualificados, con porcentaxes respectivas de 30,2%, 30,3% e 30,6%. Discretamente máis elevadas son as porcentaxes dos grupos de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, co 34,6%; e artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, co 32,7%. Catro grupos de ocupación presentan porcentaxes de contratos a este colectivo de idade moi inferiores ao valor de referencia global. É especialmente o caso do grupo de dirección de empresas e de administracións públicas, con só o 8,8% do total de contratos; ou o de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, co 13,4%; pero tamén os grupos de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores e empregados de tipo administrativo, con valores respectivos de 22,9 e 23,5%.

Os contratos realizados a persoas de 26 a 35 anos supoñen o 35,9% da contratación global da provincia. Na banda de desviación desta porcentaxe entre os diferentes grupos ocupacionais, destacan os valores elevados dos seguintes grupos: empregados de tipo administrativo, co 46,1%; técnicos e profesionais de apoio, co 44,6%; técnicos e profesionais científicos e intelectuais, co 40,4%; e o grupo de dirección de empresas e de administracións públicas, co 39,1% dos contratos. O grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio presenta unha porcentaxe de contratos neste grupo de idade de 36,7%, moi próximo ao valor de referencia. O grupo ocupacional que realiza menor porcentaxe de contratos neste grupo de idade é o de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, co 27,5%. Con valores tamén baixos pero próximos a referencia están: traballadores non cualificados, co 31,7%; operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, co 33%; e traballadores cualificados na agricultura e na pesca, co 33,2%.

O 20% dos contratos da provincia son asinados por persoas de entre 36 e 45 anos. Porén, neste colectivo realízanse o 30,3% dos contratos do grupo de traballadores cualificados na agricultura e na pesca. Tamén supera a porcentaxe de referencia o grupo de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, co 25,5% e o de dirección de empresas e de administracións públicas, co 25,3%. Valores máis próximos ao de referencia son os que se dan na contratación dos grupos de: traballadores non cualificados, co 22,4%; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, co 21,8%;

empregados de tipo administrativo, co 21,2%; ou, cun valor inferior, traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, co 18,6%. Os grupos con menor concentración da contratación neste colectivo de idade son o de técnicos e profesionais científicos e intelectuais e o de técnicos e profesionais de apoio, cunha porcentaxe similar, do 13,9%.

O 11% da contratación provincial realízase a persoas de entre 46 e 55 anos. Destaca, no entanto, que o 20,3% dos contratos de traballadores cualificados na agricultura e na pesca recaen neste grupo de idade, así como o 19,9% dos contratos no grupo ocupacional de dirección de empresas e de administracións públicas. Pola contra, os valores máis baixo son os dos grupos de empregados de tipo administrativo, co 7,2%; traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, co 8,4%; e técnicos e profesionais de apoio, co 8,5%. Moi próximos ou algo superiores ao valor de referencia están os restantes grupos ocupacionais: técnicos e profesionais científicos e intelectuais, un 10,7%; traballadores non cualificados, un 12,6%; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, un 13,4%; e operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, un 14,4%.

Finalmente, os contratos a maiores de 55 anos representan o 3,1% dos contratos totais e, porén, o 6,9% dos realizados no grupo ocupacional de dirección de empresas e de administracións públicas. Tamén teñen peso salientable nos grupos de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, co 4,8% e de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, co 4,7%; ou no de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, co 4,2%. Por debaixo do valor de referencia, traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, co 1,7%; empregados de tipo administrativo, co 2%; técnicos e profesionais de apoio e traballadores non cualificados, co 2,7% cada un; e traballadores cualificados na agricultura e na pesca, co 2,8%.

5.5.- Formación ocupacional

TÁBOA 26: Número de alumnos e cursos de formación ocupacional da PROVINCIA de LUGO por familias profesionais.

	Cursos		Alumnos/as	
	Núm.	%	Núm.	%
Agraria	14	3,5	218	3,4
Administración e oficinas	33	8,1	519	8,1
Artesanía	2	0,5	33	0,5
Automoción	10	2,5	188	2,9
Comercio	8	2,0	119	1,9
Docencia e investigación	3	0,7	48	0,8
Servizos ás empresas	147	36,3	2415	37,8
Edificación e obras públicas	37	9,1	559	8,7
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	8	2,0	113	1,8
Industrias alimentarias	2	0,5	32	0,5
Industrias gráficas	1	0,2	13	0,2
Industria pesada e construcións metálicas	11	2,7	172	2,7
Industrias téxtiles	2	0,5	32	0,5
Medio ambiente	1	0,2	15	0,2
Industrias da madeira e a cortiza	12	3,0	186	2,9
Montaxe e instalación	10	2,5	124	1,9
Mantemento e reparación	6	1,5	74	1,2
Produción transferencia e distribución de enerxía e auga	1	0,2	16	0,3
Sanidade	32	7,9	515	8,1
Seguros e finanzas	9	2,2	135	2,1
Servizos á comunidade e persoais	16	4,0	235	3,7
Transportes e comunicacións	31	7,7	502	7,9
Turismo e hostalaría	9	2,2	130	2,0

A maior parte da formación ocupacional da provincia rexístrase na familia profesional dos servizos ás empresas, co 36,3% dos cursos e o 37,8% do alumnado; séguelle, a bastante distancia, a familia profesional de edificación e obras públicas, co 9,1% dos cursos e o 8,7% do alumnado. As familias profesionais menos representadas son a de industrias gráficas e medio ambiente, co 0,2% dos cursos e o 0,2% do alumnado respectivamente.



COMARCA da FONSAGRADA

5.1.- Indicadores

5.1.1.- Tecido empresarial

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Empresas	205	48	+6,9	3
Autónomos	364	49	+2,3	53
Asalariados	1.482	47	+1,3	39

5.1.2.- Demandas

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Demandas de parados	213	51	-1,8	16
Demandas de non parados	103	49	-8,0	25
Demandas totais	316	50	-4,0	18

	Número	Posición	Peso %	Posición
Parados mulleres	107	51	50,2	46
Parados menores de 26 anos	26	52	12,2	37
Parados de longa duración >=26 anos	78	51	36,6	44

5.1.3.- Contratos

	Número	Posición	Peso %	Posición
Contratos a mulleres	384	52	35,0	47
Contratos a menores de 26 anos	268	52	24,5	46
Contratos na industria	69	49	12,6	26
Contratos na construción	69	50	12,6	36
Contratos no comercio e hostalaría	87	52	15,9	44
Contratos no transporte e comunicacións	43	46	7,8	10
Contratos noutros servizos	210	52	38,3	21

	Número	Posición	Var. qui. %	Posición
Contratos indefinidos t. completo	39	50	-4,9	47
Contratos indefinidos t. parcial	14	48	+16,7	23
Contratos temporais	353	51	-4,1	41
Contratos temporais t. parcial	70	51	+16,7	22
Contratos prácticas/formación	18	53	+50,0	9
Contratos outros	54	47	+5,9	24
Contratos totais	548	52	+0,7	42

5.1.4.- Ocupacións máis demandadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	85	81
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	72	57
Asistentes domiciliarios	34	38
Peóns de industrias manufactureiras	26	36
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	33	30
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	23	29
Peóns da construción de edificios	28	26
Condutores de camións	13	24
Taquígrafos e mecanógrafos	33	23
Auxs. de enfermaría hospitalaria	17	23

5.1.5.- Ocupacións máis demandadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	26
Peóns da construción de edificios	26
Peóns de industrias manufactureiras	26
Condutores de camións	24
Albaneis e canteiros	16
Peóns forestais	16
Bombeiros	15
Peóns de obras públ. e mantemento estradas, presas e similares	11
Camareiros, barmans e asimilados	9
Peóns do transp. e descargadores	9

	Mulleres III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	80
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	50
Asistentes domiciliarios	38
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	27
Auxs. de enfermaría hospitalaria	23
Taquígrafos e mecanógrafos	19
Camareiros, barmans e asimilados	13
Outros empregados no coidado de persoas e asimilados	13
Caixeiros (agás bancos e correos)	11
Empregados para o coidado de nenos	11

5.1.6.- Ocupacións máis contratadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	45	40
Camareiros, barmans e asimilados	18	26
Peóns forestais	22	26
Compositores, músicos e cantantes	15	21
Albaneis e canteiros	11	18
Condutores de camións	19	16
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	9	14
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	10	13
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	9	12
Peóns da construción de edificios	7	12

5.1.7.- Ocupacións máis contratadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	31
Peóns forestais	22
Albaneis e canteiros	18
Compositores, músicos e cantantes	17
Condutores de camións	15
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	12
Camareiros, barmans e asimilados	10
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	10
Peóns da construción de edificios	10
Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas	7

	Mulleres III-05 a II-06
Camareiros, barmans e asimilados	16
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	13
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	11
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	9
Peóns de industrias manufactureiras	9
Taquígrafos e mecanógrafos	8
Asistentes domiciliarios	8
Empregados de oficina estatística, financeira e bancaria	7
